

ABERTA A CONVOCATORIA DE ECOINNOVACIÓN DO CIP

Venres, 11 de Maio do 2012

Informamos aos membros de ENVITE que está ABERTA ATA O 6 SETEMBRO, a convocatoria 2012 de propostas para accións no campo da ECO-INNOVACIÓN, dentro do Programa Marco para a Innovación e a Competitividade (CIP).

Esta convocatoria financia proxectos:

Relativos á primeira aplicación ou replicación no mercado de técnicas, produtos, procesos ou prácticas ecoinnovadoras que foran xa tecnicamente demostradas, pero que, debido a riscos aínda existentes necesitan incentivos para penetrar significativamente no mercado.

As áreas prioritarias son cinco: Reciclaxe de materiais ; Produtos sostibles para a construción; Sector da alimentación e das bebidas; Auga ; Greening Business.

Os proxectos , de duración máxima de 36 meses, poden ser solicitados por unha ou varias entidades, se ben é necesario demostrar o valor engadido europeo do proxecto.

A porcentaxe de financiamento dos proxectos é do o 50% dos custos do proxecto.

Máis información